



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

### INFORME TÉCNICO.

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN RÚA NOIRMOUTIER A POLIDEPORTIVO”.  
INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN OU NON DA OFERTA REALIZADA POLA LICITADORA L6  
“CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA” DE ACORDO Ó ESTABLECIDO NA CLÁUSULA 15.4 DO  
PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)**

**Expediente:** .....**29/2019-OB-PASS.**

**Tipo de contrato:** .....Contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

**Obxecto:** .....Contratación da obra “Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo”, Padrón, A Coruña.

### Licitadoras:

L1: ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL.  
L2: AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, SL.  
L3: CETA CONTRATAS, SL.  
L4: CONSTRUCCIÓN URBANISMO Y PARQUES GALICIA, SL.  
L5: CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, SL.  
**L6: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIAIS, SA.**  
L7: CONSTRUCCIONES VALE, SL.  
L8: CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL.  
L9: CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.  
L10: EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.  
L11: EXPLOTACIONES GALLEGAS, SL.  
L12: FARIDO, SL.  
L13: GALLAECIA WORKS, SL.  
L15: MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, SL.  
L16: MARCONSA, SL.  
L17: OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.  
L18: VISIS E SERVIZOS COMPOSTELA, SL.

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

**Primeiro:** A mesa de contratación acordou solicitar á licitadora L6 (CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIAIS, SA), en diante licitadora, dentro do procedemento convocado para a adxudicación do contrato da obra “Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo” (expte. 29/2019-OB-PASS), a documentación xustificativa dos valores desproporcionados ou anormais detectados na súa oferta económica, de conformidade coa cláusula 15.4.1 do PCAP, e de conformidade co artigo 149 da LCSP.

**Segundo:** En data 04/12/2019, o departamento de secretaría municipal delega o trámite, a través da plataforma TEdC, con número de expediente 2019/C003/000003, requirindo ao arquitecto técnico municipal, que abaixo asina, a emisión dun *informe técnico sobre xustificación dos valores anormalmente baixos da oferta económica de COVSA (fase de licitación, contratación de obras...)*

**Terceiro:** Para a emisión do informe técnico requirido terase en conta a documentación que a continuación se relaciona, que se pode consultar en G:/SECRETARIA/Carramal Silva, Manuel/Contratacion/contratos 2019/Expte. 29-2019-OB-PASS, Pavimentacion rua Noirmoutier a polideportivo, POS+2018/ofertas presentadas/6. A36008886\_32656087, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIAIS, SA/C.

- oferta económica de COVSA (documento con data de 11/11/2019),

- prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais de obras provinciais

(PCAP galego),  
- proxecto técnico.

## INFORME TÉCNICO:

### **Primeiro:** CRITERIOS OBXECTIVOS PARA APRECIAR SE A OFERTA É ANORMALMENTE BAIXA:

De conformidade coa cláusula 15.4.3 do PCAP, *serán criterios para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos dela:*

- 1.- Xustificación de prezos ofertados,
- 2.- Volume de obra,
- 3.- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada
  - a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
  - b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras.
  - c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
  - d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP.
  - e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

### **Segundo:** DOCUMENTACIÓN QUE SE HA ACHEGAR PARA XUSTIFICAR A OFERTA CON VALORES ANORMALMENTE BAIXOS:

De conformidade coa cláusula 15.4.4 do PCAP, *os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:*

#### 1. Xustificación de prezos ofertados

##### A. Materiais

##### A.1. Compra

*Carta de compromiso dos provedores*

*Prezos unitarios detallados*

##### A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

*Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

##### B. Maquinaria

##### B.1. Aluguero e/ou contratación

*Relación de maquinaria con indicación detallada dos prezos*

##### B.2. Medios propios

*Relación detallada da maquinaria*

##### C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

#### 2. Volume de obra:

*Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados*

#### 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

*Xustifícase mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá a obra obxecto de licitación.*

#### 4. Cumprimento de obrigas salariais:

*Presentábase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.*

#### 5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratas.

*En todo caso, o órgano de contratación, logo do informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación ou, no seu caso, dos servizos técnicos ou administrativos competentes, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.*

*Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou*



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

*custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.*

### **Terceiro:** DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA A LICITADORA PARA XUSTIFICAR A OFERTA CON VALORES ANORMALMENTE BAIXOS:

A documentación xustificativa de oferta anormal ou desproporcionada presentada pola licitadora, por medios electrónicos, inclúe:

- 1.- *Constancia de que conoce y acepta cuantas obligaciones se deriven de los pliegos de cláusulas administrativas articulares del presente contrato, así como del proyecto y documentación técnica que lo integra.*
- 2.- *Constancia de que acompaña la documentación exigida en el PCAP.*
- 3.- *Constancia de que non concurre en empresas vinculadas.*
- 4.- *Precio.*
- 5.- *Declaración responsable de estabilidad en el empleo y de mujeres trabajadoras.*
- 6.- *Plan de igualdad.*
- 7.- *Incremento del plazo de garantía.*
- 8.- *Propuesta de reducción de plazos de ejecución.*
- 9.- *Que tiene previsto subcontratar una serie de unidades de obra (señalización, por importe de 1.250,28€...)*
- 10.- *Declaración responsable.*

### **Cuarto:** COMPROBACIONES:

- 1.- *Xustificación de prezos ofertados*
  - A.- *Materiais*
    - A.1.- *Compra*
      - Carta de compromiso dos provedores*

**Non constan cartas de compromiso dos provedores.**

*Prezos unitarios detallados*

**Non constan prezos unitarios detallados.**

*A.2.-Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)*

*Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

**Non presenta.**

*B.-Maquinaria*

*B.1.-Alugueiro e/ou contratación*

*Relación de maquinaria con indicación detallada dos prezos*

**Non presenta.**

*B.2.-Medios propios*

*Relación detallada da maquinaria*

**Non presenta.**

C.-Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

**A unidade de obra (“señalización”) recollida na oferta presentada non aparece co mesmo detalle descrito no proxecto técnico.**

- 2.- *Volume de obra,*

*Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados*

**Non presenta.**

- 3.- *Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada,*

*Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución*

**Non presenta.**

- 4.- *Cumprimento de obrigas salariais,*

*Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos*

**Non presenta.**

- 5.- *Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratas.*

*En todo caso, o órgano de contratación, logo do informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación ou, no seu caso, dos servizos técnicos ou administrativos competentes, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.*

*Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.*

**A licitadora indica no apartado 9º da oferta presentada, que ten previsto subcontratar a unidade de obra que designa como “señalización” á empresa “Señalizaciones La Fuente” polo importe (IVE incluído) de 1.250,28€.**

Como xa se indicou, a unidade de obra designada como “señalización”, recollida na oferta presentada, non aparece co mesmo detalle descrito no proxecto técnico, si ben se pode entender que equivale ás seguintes unidades de obras descritas no proxecto técnico:

*-m2 superficie realmente pintada (superficie realmente pintada en banda de 10 cm. En bordes e eixo, incluso premarcaxe, totalmente rematada)*

*-m2 superficie realm. Pintada simb.. (superficie realmente pintada en símbolos, cebreados e isletas)*

Estas dúas unidades de obra suman un total de 1.322,53€ (IVE incluído)

**Non presenta relación de subcontratos programados nin carta de compromiso das subcontratas.**

## **CONCLUSIÓN:**

De conformidade co establecido na cláusula 15.4 do prego de administrativas, e tendo en conta o proxecto técnico da obra “Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo” (expte. 29/2019-OB-PASS), así como a documentación xustificativa dos valores desproporcionados ou anormais detectados, que presenta a licitadora CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIAIS, SA, enténdese que esta documentación NON xustifica suficientemente o carácter desproporcionado ou anormal da oferta realizada pola empresa licitadora, de conformidade coa cláusula 15.4.1 do PCAP, e de conformidade co artigo 149 da LCSP.

Informo o que antecede ao meu leal saber e entender, nembargantes a Mesa de Contratación, no exercicio das súas competencias, decidirá o que corresponda.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

Daráselle traslado ao departamento de secretaría municipal.

O arquitecto técnico municipal

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Francisco Ferro González